




PROXECTO DE FEIRA PARA A DISTRIBUCIÓN DE POSTOS DE VENTA NO CAMPO DA FEIRA VELLO E POSTOS DE VENTA PARA POLBO DURANTE A LVIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN

- 1.- INTRODUCCIÓN**
- 2.- ESTADO ACTUAL DA PARCELA**
- 3.- TIPOLOXIA DOS POSTOS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO**
- 4.- DISTRIBUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS**
- 5.- INSTALACIÓNS OU SERVIZOS AFECTADOS**
- 6.- ACCESO DE VEHICULOS DE EMERXENCIAS**
- 7.- XESTION DE RESIDUOS E LIMPEZA**
- 8.- ESTABLECEMENTO DO PREZO POR POSTO**
- 9.- ANEXO I: PLANOS DE DISTRIBUCIÓN**
- 10.- ANEXO II: DISTRIBUCIÓN POSTOS TRADICIONAIS DE POLBO**





1.- INTRODUCCIÓN

A Feira do Cocido foi declarada, no ano 1999, “Festa de Interese Turístico de Galicia”, no ano 2010, “Festa de Interese Turístico Nacional” e no ano 2020 “Festa de Interese Turístico Internacional”. Este recoñecemento pon de manifesto a extraordinaria difusión da cal goza este evento na actualidade, un evento que atrae cada ano a máis visitantes e que inclúe unha grande variedade de actividades gastronómicas, lúdicas e festivas. Dentro desta oferta de actividades unha das máis tradicionais é a instalación, no Campo da Feira Vello, dun mercado de postos de venta de produtos cárnicos propios do cocido e de artesanía.

Na vindeira edición da Feira do Cocido, a número LV^a, preténdese manter o formato do mercado tradicional iniciado nas anteriores edicións e colocar unha carpa que permita unha utilización máis racional do espazo e garanta unha mellor accesibilidade e seguridade.


A carpa situarase na zona central do Campo da Feira, separada dos edificios que delimitan o campo, ofrecendo unha imaxe ordenada, aberta e limpa. O espazo libre circundante empregarase como zona de paseo e perímetro de seguridade.

A grande acollida que tivo en edicións anteriores, a utilización da carpa por parte dos licitadores para poder optar á instalación dun ou varios postos situados no interior da carpa, e destinados exclusivamente a un “uso comercial”, que incluírá as seguintes actividades comerciais: venta de produtos de alimentación (produtos cárnicos, produtos frescos de horta, mel, queixos, pan e doces, etc), venta de artesanía, venta de produtos industriais singulares producidos por pequenos talleres, fixo que se cubriran as estimacións feitas inicialmente.

Neste senso, o número de postos ofertados no interior da carpa para esta edición será de 44 postos, incluído o posto imaxe de marca.

En base a elo, as dimensións da carpa no sentido lonxitudinal, será de 80 metros, e no sentido transversal, de 25 metros.





2.- ESTADO ACTUAL DA PARCELA

Tal e como se indicou, os postos emprazaranse no Campo da Feira vello. Trátase dunha praza de planta rectangular irregular, con dimensións de 105 metros de longo e unha media de 36 metros de ancho, o que totaliza unha superficie aproximada duns 3.780 m². Non é totalmente horizontal, senón que ten unha pequena pendente en dirección de este a oeste. Todo elo según recente medición topográfica realizada este ano e que consta no expediente.

A praza conta con pavimento de aglomerado, e dispón de acceso rodado desde as rúas Rosalía de Castro e “T” e con acceso peonil desde a rúa Molinera (este acceso pode ser empregado por vehículos en caso de emerxencia).

A colocación da carpa, na zona central da praza, permite mellorar as vías de acceso e evacuación para os vehículos de emerxencia, cumprindo coas prescricións contidas no CTE DB-SI, que esixe que as vías de acceso e evacuación teñan un ancho mínimo de 3,50 metros como é neste caso.

3.- TIPOLOXIA DOS POSTOS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

No que respecta á tipoloxía dos postos segundo a súa ubicación, establécense dous tipos de postos, postos interiores e postos tradicionais de polbo (estes postos tradicionais de polbo encadraríanse dentro dos postos relacionados con bares e similares), coas seguintes características:

1º/ POSTOS INTERIORES.

Colocaranse no interior dunha carpa pechada e transparente tipo IGLU, segundo a disposición que se indica no plano que se acompaña como Anexo núm. I a este proxecto (a distribución dos postos é só a efectos informativos), reservándose o espazo central para a colocación dun “stand” promocional do Concello de Lalín.

Estes postos destinaranse exclusivamente a un “uso comercial”, que incluírá as seguintes actividades comerciais: venda de produtos de alimentación (produtos cárnicos, produtos frescos de horta, mel, queixos, pan e doces, etc), venda de artesanía, venda de produtos industriais singulares producidos por pequenos talleres.



Non se permiten os postos que deban dispor de sistemas de cociñas ou equipos para elaboración de produtos cociñados, así como aqueles que requiran de sistema de extracción de fumes.

Trátase de potenciar a venda de produtos propios de Lalín e da súa comarca, así como os produtos de orixe galega.

Imaxes da carpa iglú:



2º POSTOS TRADICIONAIS DE POLBO.


Son postos de polbo que se colocarán a fin de semana da Feira do Cocido en varias rúas do casco urbano de Lalín.

Colocaranse nas rúas sinaladas, segundo a disposición que se indica no plano que se acompaña como anexo núm. II.

Estes postos adícanse exclusivamente á venda de polbo, non permitindo outra actividade distinta.

No que respecta aos horarios de montaxe, funcionamento, e desmontaxe, atendendo á tipoloxía dos dous tipos de postos, postos interiores e postos tradicionais de polbo, estes





contarán coas seguintes características:

1º/ POSTOS INTERIORES.

- Para a edición correspondente ao ano 2024 a instalación dos postos levaranse a cabo os días 1 e 2 de febreiro de 2024, debendo de quedar completamente montados ás 00.00 horas do día 3 de febreiro de 2024.
- Os postos permanecerán na carpa ata as 00.00 horas do día 5 de febreiro de 2024 e desenvolverán a actividade comercial os días 3 e 4 de febreiro de 2024.
- A desmontaxe dos postos levarase a cabo tras o peche da feira (ás 20.00 horas) debendo quedar a carpa libre ás 00.00 horas do día 5 de febreiro de 2024.

En todo caso, independentemente do horario establecido, en caso de ter que efectuar reposición de material, soamente se permite o acceso de vehículos para carga e descarga en horario de 6.00 horas a 9.00 horas.

2º/ POSTOS TRADICIONAIS DE POLBO.


- A montaxe dos postos levarase a cabo o día 3 de febreiro de 2024, debendo quedar completamente montados entre ás 6.00 e ás 9.00 horas dese día.
- A venta de polbo desenvolverase os días 3 e 4 de febreiro de 2024 e a desmontaxe dos postos levarase a cabo tras o peche da feira (ás 20:00 horas), debendo quedar a rúa libre ás 00:00 horas do día 5 de febreiro de 2024.

En todo caso, independentemente do horario establecido, en caso de ter que efectuar reposición de material, soamente se permite o acceso de vehículos para carga e descarga en horario de 6.00 horas a 9.00 horas.

En todo caso, as datas de ocupación tanto para a montaxe dos postos interiores como a montaxe dos postos tradicionais de polbo estarán supeditadas ás circunstancias sanitarias imperantes no momento de producirse a ocupación, as cales poden incidir, no seu caso, que a celebración da LVIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN se chegue a realizar nunha data alternativa á estipulada inicialmente neste proxecto.

4.- DISTRIBUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS.





1º POSTOS INTERIORES.

Tal e como se indicou, os postos de uso comercial estarán ubicados dentro dunha carpa rectangular tipo IGLU de 80 metros de longo por 25 metros de ancho.

No centro da carpa colocárase o “stand promocional” do Concello, que terá unhas dimensións aproximadas de 8,00 x 8,00 metros.

O número máximo de postos permitido é de 43.

Os postos, cun ancho estándar de 3,00 metros, situaranse nos laterais da carpa, separados un metro do cerramento exterior e distribuíranse por sectores:

- Cárnicas e derivados.
- Alimentación.
- Artesanía.
- Industria.

Os postos distribuíranse na carpa, tal e como se indica no Anexo I (a imaxe da distribución é a efectos informativos), por sectores, aproximadamente do seguinte xeito:

- Cárnicas e derivados e alimentación → 50% da ocupación da carpa. Prevense un total de 22 postos.
- Artesanía → 20% da ocupación da carpa. Prevense un total de 8 postos.
- Industria → 30% da ocupación da carpa. Prevense un total de 13 postos.


As porcentaxes son estimadas e parten dos datos obtidos en edicións anteriores. Non obstante, no suposto de que a demanda non se axuste con esta distribución procederíase a aumentar a porcentaxe de ocupación dos postos máis demandados en detrimento dos postos menos solicitados, pero procurando manter sempre unha distribución harmónica e coherente.

Os postos terán unhas dimensións de 3,00 x 3,00 metros. Sen embargo, esta modulación permite agrupar postos para conseguir outros de maior dimensión, pero sempre partindo da modulación estándar. Deste xeito, poderanse solicitar e agrupar varios postos (ata un máximo de 3).

2º CARACTERISTICAS DOS POSTOS OU STANDS INTERIORES.

Os stands estarán instalados no interior da carpa, situaranse nos laterais da carpa, separados un metro do cerramento exterior. Formados por módulos de dimensións 3x3 metros,





correspondendo cada módulo a un stand.


Para a correcta instalación dos stands, dende o concello aportarase un plano de distribución onde se farán constar os módulos a instalar e a súa situación real (módulos de 1 stand, módulos de dous stands e módulos de tres stands, indicando a situación de cada un deles).

Cada stand disporá das seguintes características:

- Estrutura modular de aluminio, con dimensións por módulo de 3x3 metros. A estrutura de cada lateral formando un conxunto homoxéneo e resistente; deberá permitir a unión de varios módulos (ata un máximo de 3). En cada caso será necesario que a configuración sexa diáfana (no caso de tres stands para unha adxudicataria, non existirá división intermedia algunha).
- Pechado traseiro e laterais mediante paneis de taboleiro aglomerado ou madeira en cor branca; o frontal será diáfano, estando dotado de un panel de 3,00x0,30 metros na parte superior da estrutura, deixando sitio para a colocación do panel anunciador da empresa instalada no stand correspondente. Sobre este panel disporase dun vinilo autoadhesivo de 3,00x0,20 metros, que conterá o logo corporativo do concello de Lalín xunto co nome comercial da empresa adxudicataria do stand. O logo estará realizado nas cores corporativas, e o nome da empresa estará realizado en cor negra, sobre o fondo do vinilo en cor branca.
- Cada módulo disporá dun mostrador de 2 metros de lonxitude pechado polo seu fronte (deberá deixar un paso libre para acceso non inferior a 50 cm), e unha altura entre 75 cm e 1 metro, cun ancho entre 50 cm e 70 cm. Interiormente disporá na parte intermedia dunha balda.
- Constará de instalación eléctrica mediante enchufes para dúas tomas eléctricas, cos mecanismos de conexión regulamentarios para conectar directamente a rede existente. Cada stand constará dun cadro eléctrico básico de 3,5 kw de potencia, dotado de interruptores térmicos de control de potencia, con enchufes, e unha zapatilla con varios enchufes.

O custo de cada stand, conxuntamente co cadro eléctrico e a zapatilla, especificase a continuación, para que cada adxudicatario, poña especial atención no mantemento do stand, evitando un deterioro por mala utilización ou uso inadecuado, así como a falta do material eléctrico. Para elo, por parte do Concello, realizarase unha visita de inspección no momento de que estean os stands instalados e previamente a que sexan ocupados polos adxudicatarios.





onde se comprobará o perfecto estado do conxunto (tomaranse fotografías de cada un dos stands). Posteriormente á celebración do evento da feira e unha vez se atopen os stands libres, procederase a realizar unha nova comprobación, co obxecto de verificar o correcto estado dos stands.

En caso de observar deterioros ou falta de material eléctrico, procederase a reclamar á adxudicataria, conforme aos seguintes prezos:

STAND:	112,25 €/posto
CADRO ELECTRICO:	150,00 €/unidade
ZAPATILLA ENCHUFES:	8,00 €/unidade

A estes prezos engadirase o IVE correspondente.

3º/ POSTOS TRADICIONAIS DE POLBO.

Trátase de postos de polbo que se viñan colocando tradicionalmente nalgunhas rúas da periferia do casco urbano de Lalín.

Os titulares habituais destes postos poderán solicitar a súa instalación a fin de semana da Feira do Cocido.

Nestes postos exteriores non se permitirá a utilización de cadeiras e mesas, nin parasoles, debendo empregarse como cubrición do mesmo unha especie de carpa ou “xaima”.


Non se permite a instalación de postos de polbo na avenida Bos aires, rúa Xoaquín Loriga, debido a que por estas rúas está previsto o percorrido das comparsas, carruaxes e desfiles.

Establécese a disposición dos postos conforme se indica no plano que se acompaña como anexo núm. II.

Os postos tradicionais de polbo, están situados nas seguintes zonas:

- Rúa Ramón Aller, a altura do nº 79
- Rúa Matemático Rodríguez, fronte a estatua de Loriga.
- Rúa Pintor Laxeiro, a altura do nº 19
- Rúa “C”, a altura do nº 24
- Rúa Areal, a altura do nº 18
- Rúa Areal, a altura do nº 29
- Rúa Areal, a altura do nº 66
- Rúa Molinera, a altura do nº 16





- Rúa Rosalía de Castro, a altura do nº 19
- Rúa Rosalía de Castro, a altura do nº 25
- Rúa "D", esquina praza da Marina
- Rúa "D", a altura do nº 5
- Rúa Alcalde Ferreiro, a altura do nº 6
- Rúa "B", a altura do nº 34
- Rúa "B", a altura do nº 56
- Rúa Corredoira, a altura do nº 30
- Avda Donramiro, a altura do nº 58

Estes postos adicaranse exclusivamente a un uso relacionado coa venta de polbo. Os postos terán unhas dimensións de 3,00 x 3,00 metros.

5.- INSTALACIÓNS OU SERVIZOS AFECTADOS.

Os postos interiores disporán de electricidade, servizo de limpeza, auga e seguridade.

Pola súa parte os postos tradicionais de polbo (postos relacionados con bares e similares), pola propia tipoloxía das actividades ás que están destinados, disporán de equipamento suficiente para o desenvolvemento da súa actividade de forma autónoma. Para elo, disporase de instalación básica de auga, á que se conectarán os postos que o necesiten. Prestarán especial atención no verquido de augas residuais, co obxecto de evitar afeccións á cidadanía, zonas encharcadas ou malos olores. Os aceites e outros residuos xerados que necesiten de tratamento serán almacenados en contedores específicos e xestionados conforme a normativa.


6.- ACCESO DE VEHÍCULOS DE EMERXENCIAS.

Tal e como se indicou nos apartados anteriores deste proxecto, a ordenación prevista, permite o acceso de calquera vehículo de emerxencia, polo que conforme establece o CTE DB-SI, na sección SI 5: Intervención dos bombeiros, para cumprir as condicións de aproximación, deberán de existir unhas vías de circulación de un ancho mínimo libre de calquera obstáculo de 3,50 metros como é neste caso. Este espazo non poderá ser ocupado por ningún posto nin existirá obstáculo algún que impida a libre circulación (o voo contabiliza aos efectos da distancia mínima libre).

7.- XESTIÓN DE RESIDUOS E LIMPEZA.

Os responsables de cada posto, deberán de seleccionar os residuos xerados pola actividade





que desenvolvan, e depositar cada un deles no seu contedor específico, que o Concello, habilitará nas inmediacións do Campo da Feira.

En caso de que o posto xere residuos perigosos, o responsable do mesmo deberá contar no posto co contrato en vigor cun xestor autorizado para a xestión dos devanditos residuos, así como cos recipientes homologados para a xestión do mesmo, sendo responsabilidade exclusiva do titular do posto a xestión dos devanditos residuos.

En todo caso, unha vez desmontados os postos ou casetas, antes de abandonar o lugar, por parte dos responsables, deberase de proceder á limpeza e retirada dos residuos que foron xerando ao longo do día e que non foron debidamente recollidos.

8.- ESTABLECIMENTO DO PREZO POR CADA POSTO.

A ordenanza municipal fiscal nº 12 da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do Concello de Lalín establece, entre outros, o seguinte:

"FESTAS PATRONAIS DE LALÍN E FEIRA DO COCIDO:

Dado o carácter específico e consuetudinario das festas patronais e da Feira do Cocido e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe desta taxa aplicaranse os seguintes criterios e parámetros:


Atendendo ó tipo de atracción ou posto e metro cadrado da ocupación establécense as seguintes tarifas:

<i>Postos de venda, por metro cadrado ou fracción.....</i>	<i>10,26 €</i>
<i>Atraccións de azar, por metro cadrado ou fracción.....</i>	<i>6,84 €</i>
<i>Carruseis, por metro cadrado ou fracción.....</i>	<i>8,55 €</i>
<i>Atraccións de habilidade, por metro cadrado ou fracción.....</i>	<i>10,26 €</i>
<i>Postos de degustación, bares, churrerías, similares, por m² ou fracción.....</i>	<i>17,10 €</i>

Excepcionalmente, poderán determinarse unhas dimensións fixas á parcela obxecto de ocupación (posto) con independencia de cal sexa a ocupación real. Neste caso a determinación da tarifa será o resultado da aplicación do cadro anterior coa posibilidade dun incremento ou dunha diminución de ata un 20% da tarifa así calculada.

Dentro dos distintos tipos de atracción, poderán contemplarse ata tres categorías e, atendendo a estas, á tarifa contemplada no cadro e parágrafo anteriores poderá aplicárselle un coeficiente de incremento de ata o 100 por cento ou unha diminución de ata o 50 por cento.





Así mesmo, poderán contemplarse ata tres categorías de situación en función da afluencia de público, situación, etc. e atendendo a esta, á tarifa calculada no parágrafo anterior poderá aplicárselle unha redución do 50 por cento ata un aumento do 100 por cento.

Atendendo á forma de adxudicación elixida (poxa, concurso ou adxudicación directa), poderá, así mesmo, aplicarse un incremento ou unha diminución das tarifas resultantes pola aplicación dos anteriores criterios de ata un 20 por cento.

Con ocasión da aprobación do proxecto de feira, o órgano competente confeccionará a aprobará o cadro de tarifas resultante da aplicación destes criterios e que servirá de base para a determinación do canon de ocupación.

Nos procedementos de licitación pública, este canon de ocupación terá o carácter de prezo de saída e o importe final da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a adxudicación."


En base a todo o que antecede, e debido a que o módulo estándar dispón dunhas medidas fixas (3 x 3 metros), cunha superficie de 9 metros cadrados por cada módulo, o prezo que se estableza para cada actividade estará en relación coas dimensións deste módulo.

Para dimensións maiores, a taxa será o resultado de multiplicar o prezo de cada posto polo número de unidades que solicite o adxudicatario.

No que respecta a estes postos, previstos durante a celebración da fin de semana da Feira do Cocido, é necesario sinalar que se trata dunha actividade de interese cultural, turístico e gastronómico que xera unha grande afluencia de visitantes durante todos os días da ocupación. Estes visitantes, nunha cantidade estimada duns 60.000, triplican o número de habitantes de todo o concello, e multiplican por seis o número de habitantes existentes no casco urbano, e concéntranse no propio casco urbano de Lalín. Isto fai que os postos ubicados na zona do antigo Campo da Feira teñan unha afluencia de visitas moi importante, incrementando as vendas moi considerablemente. A situación do antigo Campo da Feira tamén supón un reclamo para os visitantes que se acercan a celebrar o evento, por estar bastante céntrico e moi preto da rúa de desfile de carrozas, charangas e outras actuacións.

Xa que logo para a determinación do prezo establécense dúas categorías de postos, por unha parte, os postos interiores destinados a un uso comercial de venda de produtos propios da zona (carnes e derivados, produtos frescos de horta, ...); e por outra parte os postos tradicionais de polbo (postos de bares ou similares). Polo tanto, para a determinación do prezo destas dúas categorías de postos consideraranse os seguintes coeficientes de aplicación:





- Postos interiores, destinados a un uso comercial:
 - o Intensidade de uso: no que respecta á afluencia de visitantes, partimos de unha intensidade elevada de público. En base a esta intensidade de uso e co fin de impulsar a actividade comercial desempeñada a través destes postos interiores, considérase oportuno a aplicación de unha diminución do 30% sobre a base establecida na ordenanza.
 - o Forma de adxudicación: Establécese como forma de adxudicación a poxa, na que prevalecerá a orde de solicitude para cada posto. De todas maneiras, agruparanse as ofertas da mesma tipoloxía de produtos, ao obxecto de obter unha imaxe homoxénea (por exemplo, evitar a mistura de produtos comestibles con artesanía).

Considérase a aplicación de un incremento do 5 % sobre a base establecida na ordenanza.

- Postos tradicionais de polbo (postos de bares ou similares):
 - o Intensidade de uso: no que respecta á afluencia de visitantes, partimos de unha intensidade elevada de público. En base a esta intensidade de uso e tendo en conta a tipoloxía destes postos tradicionais de polbo así a situación dos mesmos en diferentes rúas, considérase oportuno a aplicación de unha diminución do 50% sobre a base establecida na ordenanza.
 - o Forma de adxudicación: Establécese como forma de adxudicación a poxa, na que prevalecerá a orde de solicitude para cada posto. Considérase a aplicación de unha diminución do 20% sobre a base establecida na ordenanza co fin de fomentar un maior número de solicitudes deste tipo de postos na Feira do Cocido.

En aplicación de todo o que antecede, e tendo en conta a ordenanza fiscal núm. 12 do Concello de Lalin, establécense os prezos en función das dúas categorías de postos expostas, é dicir, para os postos interiores destinados a un uso comercial (postos de venta) e para os postos tradicionais de polbo (postos de bares ou similares), do seguinte xeito:

1. Partimos de dous tipos de postos, para os que a ordenanza municipal





establece inicialmente os seguintes prezos (por metro cadrado):

- | | |
|---|------------------------------|
| o <i>Postos de venta:</i> | <i>10,26 €/m²</i> |
| o <i>Actividades de bares e similares</i> | <i>17,10 €/m²</i> |

2. En base a estes prezos base pasaremos a conformar os devanditos prezos por posto, obtido a partir da ocupación real do posto (é dicir, un posto ocupa 9 metros cadrados, correspondentes a tres metros de fachada por un fondo de tres metros). Xa que logo, establécense para cada uso dos previstos anteriormente os seguintes prezos, unha vez aplicados os coeficientes correctores:

1º) Postos interiores (uso comercial):

Pozo por posto: 67,86 €/posto

2º) Postos tradicionais de polbo (postos de bares ou similares):

Pozo por posto: 61,56 €/posto

O Arquitecto Técnico Municipal 

Documento asinado dixitalmente ao marxe





9.- ANEXO I: PLANOS DE DISTRIBUCIÓN





10.- ANEXO II: DISTRIBUCION POSTOS TRADICIONAIS DE POLBO

